



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 6 DE ABRIL DE 2009

---Contrato: OBRAS DE "EJECUCIÓN DE PAVIMENTO DE LA CALZADA DE LA CALLE DE LA CULTURA FEIL)".

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 8 DE ABRIL DE 2009

Visto o expediente tramitado, de contratación das obras de "Execución de pavimento da calzada da rúa da Cultura (obra FEIL)".

Visto que, dentro de prazo, unicamente presentou solicitude de participación DAGO, S.A.

Vista a documentación administrativa aportada polo licitador.

Tendo en conta que a oferta formulada polo licitador é conforme cos Pregos e a única presentada.

Visto o informe da Tesourería municipal de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias para co Concello.

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal asinada o 31-03-09.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de "Execución de pavimento da calzada da rúa da Cultura (obra FEIL)" por importe de 99.190,02 euros, a DAGO, S.A., con arranxo ao Proxecto, os Pregos e á súa oferta.

2º.- A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Certificado da Axencia Tributaria Estatal de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias.
- Certificado de que se atopa ao corrente das súas obrigas para coa Seguridade Social
- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.- Notifíquese o presente Acordo e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

A Estrada 6 de abril de 2009.  
A ALCALDESA EN FUNCIONS,

Asdo. Raquel López Doce